

Ao bordo do camiño

Aquí estou, Señor,
como o cego ao bordo do camiño
-cansado, suorento, poeirento-;
mendigo por necesidade e oficio.
Pero ao sentir os teus pasos,
ao oír a túa voz inconfundible,
todo o meu ser se estremece
como se un manancial
agomara dentro de min.
Ah, que pregunta a túa!
Que desexa un cego senón ver?



Maestro, ¡que pueda ver!

Que vexa, Señor!
Que vexa, Señor, os teus sendeiros.
Que vexa, Señor, os camiños da vida.
Que vexa, Señor, ante todo,
O teu rostro, os teus ollos, o teu corazón.
Que ti poidas dicir tamén de min:
Que grande é a túa fe!



Xesús,
dáme ollos novos,
os ollos da fe,
para verme tal como son,
para verte ao meu lado,
para ver a vida
como ti a ves.

Xesús,
como o cego do camiño,
hoxe pídoche que eu vexa.



Evanxeo
27-outubro-2024
30° ORDINARIO-B



**Quen non está no
camiño, está cego**

Ordinario 30º-B

XEREMÍAS 31, 7-9: *Guiarei entre consolos os cegos e os coxos.*

Isto di o Señor: «Gritade de alegría por Xacob, alegrádevos pola flor dos pobos; proclamade, loade e dicide: “O Señor salvou o seu pobo, salvou o resto de Israel!”. Traeremos do país do norte, reuniremos dos confíns da terra. Entre eles haberá cegos e coxos, o mesmo preñadas que paridas: volverá unha enorme multitude.

Virán todos chorando e eu guiareinos entre consolos; levareinos a torrentes de auga, por camiño chairo, sen tropezos. Serei un pai para Israel, Efraín será o meu primoxénito» *Palabra do Señor.*

SALMO 125 R/. O Señor estivo grande connosco, e estamos alegres.

HEBREOS 5, 1-6: *Ti es sacerdote eterno, segundo o rito de Melquisedec.*

MARCOS 10, 46-52: *“Rabbuni”, fai que recobre a vista.*

Narrador: Naquel tempo, ao saír Xesús de Xericó cos seus discípulos e bastante xente, un esmoleiro cego, Bartimeo (o fillo de Timeo), estaba sentado ao bordo do camiño pedindo esmola. Ao oír que era Xesús Nazareno, empezou a gritar:

Bartimeo: -«*Fillo de David, Xesús, ten compaixón de min*».

Narrador: Moitos o increpaban para que calase. Pero el gritaba máis:

Bartimeo: -«*Fillo de David, ten compaixón de min*».

Narrador: Xesús detívose e dixo:

Xesús: -«*Chamádeo*».

Narrador: Chamaron ao cego, dicíndolle:

Apóstolos: -«*Ánimo, levántate, que che chama*».

Narrador: Soltou o manto, deu un salto e achegouse a Xesús. Xesús díxolle:

Xesús: -«*Que queres que che faga?*».

Narrador: O cego contestoulle:

Bartimeo: -«*“Rabbuni”, que recobre a vista*».

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: -«*Anda, a túa fe salvoute*».

Narrador: E ao momento recobrou a vista e seguía polo camiño.

Palabra do Señor. **(Narrador- Bartimeo – Apóstolos- Xesús)**



Quen non está no camiño, está cego

1. VER: A cegueira

- Unha das enfermidades que hai é a de estar cegos, non ver. A cegueira pode illar un pouco nas relacións cos demais aínda que hai cegos con moita capacidade de superación e de adaptación ao medio. Hai outras cegueiras difíciles de superar: a discriminación, o rancor, a miopía dos que só ven o que tocan ou a falta de fe. **Que cousas belas non poden ver os cegos? Como se sentirán?**

2. XULGAR: Se non estás en camiño, estás cego

- No evanxeo, do domingo descubrimos a Bartimeo, que está cego e ao bordo do camiño, gritando: **“Xesús, que poida ver”**. Moitos lle gritan a el para que cale. O esmoleiro cego levántase, solta o manto, dá un salto e achégaselle. Xesús devólvelle a vista e dille: **“Anda, a túa fe curouche”**. E el séguese...

Marcos 10, 46-52, Fund. Ramón Pané, película: <https://youtu.be/RYP7e1grBwI>

QUE NOS QUERE DICIR?

- Que belo e suxestivo é este texto do cego Bartimeo. **Bartimeo está cego**, non pode relacionarse, está á marxe da súa familia, dos seus amigos, **fóra do camiño da vida**.

- Pero coa chegada de Xesús, ve unha oportunidade, xórdelle a luz. **Ponse en camiño** para achegarse a El e pedirle axuda. Recupera a vista e **séguese polo camiño**, faise dos seus.

- Cantas veces nós **estamos cegos e lonxe do camiño de Xesús**. Deixámonos levar polos nosos intereses, polo egoísmo, polas nosas cousas... E podemos sentir a escuridade de non estar a camiñar xunto a El e a necesidade de que nos cure confiando na súa forza curadora.

- **Estar en camiño é camiñar con FE, coa LUZ, con Xesús**. É confiar en que esa Luz pode iluminar e dar sentido á nosa vida.

- Gritemos: **“Xesús, ten compaixón de min”**, para aprender tamén a ter compaixón dos outros. Só con fe, Verbo Divino 2024, : <https://youtu.be/Mn01Nh3mEfs>

Cales son as túas cegueiras? Y a da falta de fe? Deixalo curarte? Como?

3. ACTUAR: Ponte en camiño, vai con Xesús

- Dialogade sobre cales son as cegueiras que hai na vosa vida, pedídlle a Xesús que vos quite a venda dos ollos. E logo como Bartimeo séguese.

- Xesús resucitado é a Luz. O cirio pascual represéntao. Acendamos as nosas candeas no cirio e pidámoslle a Xesús que encha o noso corazón de luz, que cure as nosas cegueiras, que nos dea o colirio da fe para ver a vida cos seus ollos e entremos no seu camiño de fe.

- Neste tempo sinodal camiñar unidos é sinal de luz e esperanza.

Xesús, fillo de David, Jesed, canto: <https://youtu.be/GB4SZOgOzBo>

Que imos facer?